

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

8698 *Real decreto 711/2010, do 28 de maio, polo que se aproba o Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas.*

O título III, capítulo III, da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece os corpos e as escalas en que se integran os militares de carreira e os de tropa e mariñeiría, e aos cales se adscriben os militares de complemento, de acordo coas funcións que os seus membros deban desempeñar. Estas funcións lévanse a cabo mediante o exercicio de funcións operativas, técnicas, loxísticas, administrativas e, se é o caso, docentes, e desenvólvense mediante accións directivas, de xestión ou executivas acordadas coa escala e categoría militar.

En cada corpo os militares agrúpanse nunha ou varias escalas de oficiais, coa denominación que a cada unha lle corresponde, en escala de suboficiais e en escala de tropa ou de mariñeiría, en correspondencia coas diferentes categorías militares e segundo as facultades profesionais que teñan asignadas e os requisitos educativos exixidos para a súa incorporación a elas. As facultades profesionais en cada escala son consecuencia da preparación recibida e delimitan o nivel de responsabilidade nos diferentes destinos.

Dentro deste marco, o artigo 41 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, reserva ao desenvolvemento regulamentario a determinación das especialidades fundamentais que existirán en cada escala, cando os campos de actividade en que se desempeñan as funcións do seu corpo o requiran.

A creación das escalas de tropa e mariñeiría e o desenvolvemento unitario desexable de todo o referente a oficiais, suboficiais e militares de tropa e mariñeiría aconsellan incorporar a este regulamento as especialidades de tropa e mariñeiría con idéntica estrutura que as correspondentes ás demais categorías militares.

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, suprime os corpos de especialistas e prevé que as súas funcións sexan asumidas polos corpos xerais. Neste sentido, as especialidades fundamentais dos corpos xerais configuráronse para facer efectiva esa previsión legal, que será completada coas especialidades que fixe o ministro de Defensa en función do previsto no artigo 41.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

Nunha disposición adicional dáse cumprimento ao disposto nos artigos 28, 32 e 35 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e determínanse as funcións de carácter loxístico que corresponden aos membros dos corpos de intendencia dos exércitos.

Noutras disposicións adicionais regúlase o réxime aplicable en relación co ensino de formación, facilítase a xestión de destinos, establecendo a posibilidade de formación de agrupacións de especialidades, e regúlase o escalafonamento no acceso a escalas do mesmo nivel de diferentes corpos de acordo co regulado no artigo 62.4 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

O regulamento artículase de forma que para cada exército se determinan as especialidades fundamentais en cada corpo e escala coa adecuada correspondencia coa titulación do sistema educativo xeral que se require.

Por outro lado, conforme as previsións contidas na disposición derradeira sexta da Lei 39/2007, do 19 de novembro, mentres non se produzan as reformas das titulacións de grao e posgrao de enxeñeiros e se actualicen as súas atribucións profesionais e, en semellantes termos, se actúe na ordenación das profesións sanitarias, mantéñense as especialidades fundamentais ata agora vixentes nos corpos de enxeñeiros dos exércitos e no Corpo Militar de Sanidade.

Ademais, o regulamento contén unha serie de disposicións que facilitan o tránsito da actual situación ao réxime xurídico previsto pola nova regulación, relacionadas coa

denominación dos militares profesionais, o cambio de especialidade e os distintivos das especialidades fundamentais.

Finalmente, debido á necesidade de salvagardar os dereitos e expectativas dos militares de tropa e mariñeiría para poder acceder por promoción interna ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, modifícase o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aumentando os límites de idade, de modo transitorio, ata os 33 anos, para 2010 e 2011, e ata os 32 anos para 2012, e non ata os 31 anos como establece agora o dito real decreto.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas.*

Apróbase o Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Funcións de carácter loxístico dos corpos de intendencia dos exércitos.*

1. Os membros do Corpo de Intendencia do Exército de Terra terán como funcións de carácter loxístico as correspondentes ao abastecemento en todos os seus campos, a excepción das actividades que son propias da especialidade fundamental de farmacia do Corpo Militar de Sanidade, que figura no anexo IV do regulamento que se aproba.

2. Os membros do Corpo de Intendencia da Armada terán como funcións de carácter loxístico as correspondentes ao abastecemento en todas as súas fases, a excepción das actividades que son propias da especialidade fundamental de farmacia do Corpo Militar de Sanidade, que figuran no anexo IV do regulamento que se aproba. Tales funcións estenderanse á provisión daqueles medios materiais que satisfagan as necesidades dos sistemas da Armada e dos que afecten a vida e o funcionamento das súas unidades, a dirección, xestión e control da catalogación, dos inventarios e da súa correspondente documentación técnica, a dirección, xestión e control dos servizos de carácter xeral asociados á vida e funcionamento da Armada, do transporte de persoal e material, e o alleamento do material declarado inútil.

3. Os membros do Corpo de Intendencia do Exército do Aire terán como funcións de carácter loxístico as correspondentes ao transporte administrativo de persoal e material e ao abastecemento en todos os seus campos, a excepción das actividades que son propias da especialidade fundamental de farmacia do Corpo Militar de Sanidade, que figura no anexo IV do regulamento que se aproba.

4. No cumprimento das súas funcións, os membros dos corpos de intendencia dos exércitos exercerán as funcións loxísticas e administrativas e desenvolverán as accións directivas e de xestión que lles correspondan.

Disposición adicional segunda. *Agrupacións de especialidades.*

As relacións de postos militares poderán incluír agrupacións de especialidades fundamentais que faciliten e axilicen a xestión de destinos, para o cal, para estes efectos, os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, para o persoal do seu respectivo exército, poderán constituír as agrupacións de especialidades que se precisen das contidas neste regulamento, no regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro, ou na Orde ministerial 15/2000, do 21 de xaneiro, pola que se determinan as especialidades dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.

Disposición adicional terceira. *Militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime de persoal das Forzas Armadas.*

Os militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, manterán a súa especialización dentro do campo de actividade dunha especialidade fundamental ou complementaria do corpo e, de ser o caso, da escala a que se tivesen adscrito.

Disposición adicional cuarta. *Escalafonamento do militar que acceda a escala do mesmo nivel procedente de corpo diferente.*

Cando, de acordo co disposto no artigo 62.4 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, un militar acceda a unha escala de diferente corpo e do mesmo nivel que a de orixe, a orde de escalafón na nova escala obterase conservando o emprego, a antigüidade nel e o tempo de servizos na escala de orixe.

Disposición transitoria primeira. *Especialidades de orixe.*

Mentres se encontre en servizo activo ou reserva persoal que tivese adquirido unha das especialidades fundamentais das contidas no Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro, ou da Orde ministerial 15/2000, do 21 de xaneiro, pola que se determinan as especialidades dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, manteranse vixentes as seguintes disposicións:

a) Os artigos 14.2, 15, 16.2, 18.3, 21.2, 22.2, 25, 26.2, 29.2, 30, 33.2, 34, 35.2, 37.3, 40.2, 41.2, 44, 45.2, 48.2, 49, 50.2, 52.3, 55.2, 56.2, 59, 60.2, 62.3, 64.3, 67.2, 68.2, 71.2 e 72.2 do Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro.

b) O anexo I da Orde ministerial 15/2000, do 21 de xaneiro, pola que se determinan as especialidades dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.

Disposición transitoria segunda. *Escalas a extinguir dos corpos de especialistas.*

Para os integrantes das escalas de oficiais a extinguir dos corpos de especialistas dos exércitos e mentres este persoal se encontre en servizo activo ou reserva, manteranse vixentes, no que se refire ás funcións dos respectivos corpos de especialistas dos exércitos e a denominación dos seus compoñentes os artigos 24, 27, 43, 46, 58, e 61 do Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro.

Disposición transitoria terceira. *Ensino de formación.*

1. Os estudos correspondentes ás especialidades fundamentais das escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña que se aproban nesta disposición cursaranse nos centros docentes militares de formación a partir do curso académico 2010/2011.

2. A adquisición de especialidades fundamentais doutros corpos e escalas distintos dos que figuran no número anterior quedará supeditada á entrada en vigor dos correspondentes plans de estudos elaborados conforme os criterios que se determinan no Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro.

3. Os alumnos do ensino de formación que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, se encontren cursando ou vaian cursar ensinanzas dirixidas á obtención das especialidades fundamentais que se determinan no Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro, obteranas tras a superación dos correspondentes plans de estudos e o seu acceso á escala correspondente.

Disposición derogatoria única. *Disposicións obxecto de derogación.*

1. Quedan derogadas as seguintes normas:

- a) Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas.
- b) Orde ministerial 15/2000, do 21 de xaneiro, pola que se determinan as especialidades dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.

2. Así mesmo, quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

Engádeselle un novo punto, co número 8, á disposición transitoria quinta do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas co seguinte contido:

«8. Para participar nos procesos de selección que se convoquen durante os anos 2010, 2011 e 2012 para cursar as ensinanzas de formación que se indican, os militares de tropa e mariñeiría non deberán cumprir nin ter cumprido no ano en que se publique a correspondente convocatoria as seguintes idades máximas:

Ensinanzas para a incorporación a escalas	Ingreso por promoción	Ano-Idade		
		2010	2011	2012
De suboficiais corpos xerais e de infantaría de mariña.	Sen titulación técnico superior.	33	33	32»

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,
CARME CHACÓN PIQUERAS

REGULAMENTO DE ESPECIALIDADES FUNDAMENTAIS DAS FORZAS ARMADAS

CAPÍTULO I

Xeneralidades**Artigo 1. *Ámbito de aplicación e obxecto.***

Este regulamento seralles de aplicación aos militares profesionais e ten por obxecto determinar as especialidades fundamentais que existirán en cada unha das escalas dos diferentes corpos militares.

Artigo 2. *Competencias.*

As competencias que neste regulamento se lles asignan aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, en relación co persoal dos seus respectivos exércitos, corresponderanlle ao subsecretario de Defensa en relación co persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas.

Artigo 3. *Especialidades fundamentais.*

1. Neste regulamento determínanse as especialidades fundamentais que existirán nunha escala cando os campos de actividade en que se desempeñan as funcións do seu corpo o requiren.

2. Cando nunha escala non se dan os requisitos do número anterior, os militares agrupados nela terán a mesma especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

3. Os militares profesionais terán unha única especialidade fundamental que adquirirán ao acceder á escala correspondente.

4. Os campos de actividade de cada unha das especialidades fundamentais son os que figuran para cada exército e corpos comúns das Forzas Armadas nos anexos I, II, III e IV.

5. De acordo co previsto no artigo 42.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e das actividades específicas que se describen nos correspondentes campos de actividade de cada especialidade fundamental, todo militar, en función da súa categoría e segundo as facultades profesionais da súa escala, prestará os servizos e gardas que garantan o funcionamento e a seguridade das unidades, centros e organismos e supervisará, inspeccionará ou executará as actividades relacionadas co seu réxime de vida e funcionamento, o mantemento e a conservación de instalacións, material e equipamento que teña ao seu cargo ou sexan de uso común.

Artigo 4. *Cambio de especialidade.*

De acordo co previsto no artigo 41.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, o ministro de Defensa establecerá os requisitos e condicións para que os militares profesionais poidan cambiar de especialidade, séndolles de aplicación aos militares profesionais de tropa e mariñeiría as previsións contidas no artigo 14 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.

CAPÍTULO II

Especialidades fundamentais no Exército de TerraSección 1.^a *Corpo xeral***Artigo 5. *Escala de oficiais.***

Na escala de oficiais do Corpo Xeral do Exército de Terra existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Infantaría.
- b) Cabalaría.

- c) Artillaría.
- d) Enxeñeiros.
- e) Transmisións.

Artigo 6. *Escala de suboficiais.*

Na escala de suboficiais do Corpo Xeral do Exército de Terra existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Infantaría lixeira.
- b) Infantaría acorazada/mecanizada.
- c) Cabalaría.
- d) Artillaría de campaña.
- e) Artillaría antiaérea.
- f) Enxeñeiros.
- g) Transmisións.
- h) Helicópteros.
- i) Electrónica e telecomunicacións.
- j) Mantemento e montaxe de equipamentos.
- k) Electricidade.
- l) Informática.
- m) Automoción.
- n) Mantemento de aeronaves.
- ñ) Mantemento de armamento e material.

Artigo 7. *Escala de tropa.*

Na escala de tropa do Corpo Xeral do Exército de Terra existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Infantaría lixeira.
- b) Infantaría acorazada/mecanizada.
- c) Cabalaría.
- d) Artillaría de campaña.
- e) Artillaría antiaérea.
- f) Enxeñeiros.
- g) Transmisións.
- h) Apoio sanitario.
- i) Mantemento de vehículos.
- j) Mantemento de armamento e material.
- k) Mantemento de aeronaves.
- l) Mantemento electrónico e de telecomunicacións.
- m) Chapa e soldadura.
- n) Montador electricista.
- ñ) Montador de equipamentos.
- o) Música.

Sección 2.^a *Corpo de Intendencia*

Artigo 8. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo de Intendencia do Exército de Terra existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Sección 3.^a *Corpo de Enxeñeiros Politécnicos*Artigo 9. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo de Enxeñeiros Politécnicos do Exército de Terra existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Armamento.
- b) Construción.
- c) Telecomunicacións e electrónica.

Artigo 10. *Escala técnica.*

Na escala técnica do Corpo de Enxeñeiros Politécnicos do Exército de Terra existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Mecánica.
- b) Química.
- c) Construción.
- d) Telecomunicacións e electrónica.

CAPÍTULO III

Especialidades fundamentais na ArmadaSección 1.^a *Corpo xeral*Artigo 11. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo Xeral da Armada existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Artigo 12. *Escala de suboficiais.*

Na escala de suboficiais do Corpo Xeral da Armada existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Administración.
- b) Aloxamento e restauración.
- c) Armas.
- d) Comunicacións e sistemas de información.
- e) Enerxía e propulsión.
- f) Manobra e navegación.
- g) Sistemas.

Artigo 13. *Escala de mariñeiría.*

Na escala de mariñeiría do Corpo Xeral da Armada existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Aproximación.
- b) Enerxía e propulsión.
- c) Manobra e navegación.
- d) Operacións e sistemas.

Sección 2.^a *Corpo de Infantaría de Mariña*Artigo 14. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo de Infantaría de Mariña existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Artigo 15. *Escala de suboficiais.*

Na escala de suboficiais do Corpo de Infantaría de Mariña existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Artigo 16. *Escala de tropa.*

Na escala de tropa do Corpo de Infantaría de Mariña existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Infantaría de mariña.
- b) Música.

Sección 3.^a *Corpo de Intendencia*

Artigo 17. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo de Intendencia da Armada existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Sección 4.^a *Corpo de Enxeñeiros*

Artigo 18. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo de Enxeñeiros da Armada existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Artigo 19. *Escala técnica.*

Na escala técnica do Corpo de Enxeñeiros da Armada existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

CAPÍTULO IV

Especialidades fundamentais no Exército do Aire

Sección 1.^a *Corpo xeral*

Artigo 20. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo Xeral do Exército do Aire existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Voo.
- b) Defensa e control aéreo.

Artigo 21. *Escala de suboficiais.*

Na escala de suboficiais do Corpo Xeral do Exército do Aire existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Protección e apoio á Forza.
- b) Mantemento operativo.
- c) Control aéreo e sistemas de información e telecomunicacións.

Artigo 22. *Escala de tropa.*

Na escala de tropa do Corpo Xeral do Exército do Aire existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Protección e apoio á Forza.
- b) Mantemento operativo.

- c) Control aéreo e sistemas de información e telecomunicacións.
- d) Música.

Sección 2.^a *Corpo de Intendencia*

Artigo 23. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo de Intendencia do Exército do Aire existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Sección 3.^a *Corpo de Enxeñeiros*

Artigo 24. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo de Enxeñeiros do Exército do Aire existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Artigo 25. *Escala técnica.*

Na escala técnica do Corpo de Enxeñeiros do Exército do Aire existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Técnicas aeroespaciais.
- b) Telecomunicacións e electrónica.
- c) Infraestrutura.

CAPÍTULO V

Especialidades fundamentais nos corpos comúns das Forzas Armadas

Sección 1.^a *Corpo Xurídico Militar*

Artigo 26. *Escala de oficiais.*

No Corpo Xurídico Militar existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Sección 2.^a *Corpo Militar de Intervención*

Artigo 27. *Escala de oficiais.*

No Corpo Militar de Intervención existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo.

Sección 3.^a *Corpo Militar de Sanidade*

Artigo 28. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo Militar de Sanidade existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Medicina.
- b) Farmacia.
- c) Veterinaria.
- d) Odontoloxía.
- e) Psicoloxía.

Artigo 29. *Escala de oficiais enfermeiros.*

Na escala de oficiais enfermeiros do Corpo Militar de Sanidade existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación será: enfermaría.

Sección 4.^a *Corpo de Músicas Militares*Artigo 30. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do Corpo de Músicas Militares existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Dirección.
- b) Instrumentista.

Artigo 31. *Escala de suboficiais.*

Na escala de suboficiais do Corpo de Músicas Militares existirá unha única especialidade cuxa denominación será: instrumentista.

Simultaneamente a esta especialidade fundamental adquirírase outra especialidade, das que determine o ministro de Defensa nos termos previstos no artigo 41.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, para as funcións de execución musical.

Disposición adicional primeira. *Denominación dos militares profesionais.*

O ministro de Defensa determinará a denominación formal que corresponda utilizar para designar os compoñentes de cada un dos corpos militares establecidos na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Disposición adicional segunda. *Distintivos de especialidades fundamentais.*

O ministro de Defensa establecerá os distintivos das novas especialidades creadas neste regulamento.

Disposición transitoria primeira. *Cambio de especialidade.*

1. Ata que o ministro de Defensa estableza as condicións e os requisitos para o cambio de especialidade establecido no artigo 41.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e no artigo 14 da Lei 8/2006, do 24 de abril, continuará vixente con rango de orde ministerial o artigo 7.4 do Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro.

2. O ministro de Defensa determinará, de ser o caso, as especialidades do Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro, ou da Orde ministerial 15/2000, do 21 de xaneiro, pola que se determinan as especialidades dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, desde as cales, con carácter voluntario, se poderá acceder ás novas especialidades contidas neste regulamento, así como a duración dos correspondentes procesos de formación, se é o caso.

Disposición transitoria segunda. *Distintivos.*

Ata que se establezan os novos distintivos que identifiquen as especialidades fundamentais contidas neste regulamento utilizaranse para cada unha delas os que, de ser o caso, fixen os respectivos xefes de Estado Maior dos Exércitos, dos que ata a entrada en vigor deste regulamento se viñan utilizando.

Disposición transitoria terceira. *Denominacións.*

Ata que o ministro de Defensa estableza as denominacións a que se fai referencia na disposición adicional primeira, continuarán vixentes, con rango de orde ministerial, os artigos 17, 19, 23, 27, 31, 36, 38, 42, 46, 51, 53, 57, 61, 63, 65, 69 e 73 do Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro.

ANEXO I

EXÉRCITO DE TERRA

Campos de actividade

Especialidades fundamentais

1. Corpo xeral

Escala de oficiais:

Infantería: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de infantería.

Cabalaría: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de cabalaría.

Artillaría: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de artillaría.

Enxeñeiros: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de enxeñeiros.

Transmisións: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de transmisións.

Escala de suboficiais:

Infantería lixeira: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de infantería lixeira.

Infantería acoirazada/mecanizada: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de Infantería acoirazada e mecanizada.

Cabalaría: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de cabalaría.

Artillaría de campaña: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de artillaría de campaña e de costa.

Artillaría antiaérea: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de artillaría antiaérea.

Enxeñeiros: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de enxeñeiros.

Transmisións: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación e o emprego das unidades de transmisións.

Helicópteros: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, a preparación, a seguridade e o emprego das unidades de helicópteros.

Electrónica e telecomunicacións: os militares con esta especialidade desenvolven actividades técnicas específicas vinculadas co mantemento electrónico dos respectivos sistemas de armas, equipamentos e materiais, así como os sistemas e equipamentos de telecomunicacións e de guerra electrónica.

Mantemento e montaxe de equipamentos: os militares con esta especialidade desenvolven actividades técnicas específicas vinculadas co mantemento no campo das obras e do mantemento e montaxe de instalacións fixas e temporais, maquinaria e equipamentos de subsistencias, así como todos os sistemas de conducción de fluídos, enerxéticos, de transporte, seguridade, depuración e especiais.

Electricidade: os militares con esta especialidade desenvolven actividades técnicas específicas vinculadas co mantemento das instalacións eléctricas dos sistemas, equipamentos e materiais, agás os referidos ás telecomunicacións e a guerra electrónica.

Informática: os militares con esta especialidade desenvolven actividades técnicas específicas vinculadas co deseño e desenvolvemento de programas de aplicación, elaboración de documentación necesaria para o mantemento e explotación das súas aplicacións, así como a solución aos problemas de uso das citadas aplicacións e a configuración, administración e o mantemento dos sistemas informáticos.

Automoción: os militares con esta especialidade desenvolven actividades técnicas específicas vinculadas co mantemento de vehículos automóbiles en relación coa electromecánica e carrozaría de vehículos e a mecánica de máquinas e equipamentos.

Mantemento de aeronaves: os militares con esta especialidade desenvolven actividades técnicas específicas vinculadas co mantemento en todos os chanzos de servizo de aeronaves, tanto en terra coma en voo, formando parte das tripulacións, efectuando as oportunas inspeccións e vixiando o comportamento de todos os sistemas da aeronave.

Mantemento de armamento e material: os militares con esta especialidade desenvolven actividades técnicas específicas vinculadas co mantemento do armamento e material así como dos seus aparellos auxiliares, xa sexan mecánicos, hidráulicos, pneumáticos, químicos ou ópticos.

Escala de tropa:

Infantería lixeira: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coas diferentes funcións de combate levadas a cabo nas unidades de infantería lixeira.

Infantería acorazada/mecanizada: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coas diferentes funcións de combate levadas a cabo nas unidades de infantería acorazada/mecanizada.

Cabalaría: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coas diferentes funcións de combate levadas a cabo nas unidades de cabalaría.

Artillaría de campaña: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coas diferentes funcións de combate levadas a cabo nas unidades de artillaría de campaña e de costa.

Artillaría antiaérea: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coas diferentes funcións de combate levadas a cabo nas unidades de artillaría antiaérea.

Enxeñeiros: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coas diferentes funcións de combate levadas a cabo nas unidades de enxeñeiros.

Transmisións: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coas diferentes funcións de combate levadas a cabo nas unidades de transmisións.

Apoio sanitario: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas de atención sanitaria, evacuación e traslado de baixas, así como outras actividades relacionadas coa función loxística de asistencia sanitaria tanto en unidades, centros e organismos coma en bases, acuartelamentos e establecementos.

Mantemento de vehículos: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relativas ao mantemento dos vehículos tanto no referente aos sistemas mecánicos, coma aos hidráulicos, eléctricos, electrónicos e, de ser o caso, de estrutura.

Mantemento de armamento e material: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relativas ao mantemento, conservación e reparación do armamento e material.

Mantemento de aeronaves: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relativas ao mantemento das aeronaves tanto no referente aos sistemas mecánicos coma aos hidráulicos, eléctricos e, se é o caso, electrónicos e de estrutura.

Mantemento electrónico e de telecomunicacións: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relativas ao mantemento electrónico dos sistemas de

armas, equipamentos e materiais, dos sistemas e equipamentos de telecomunicacións e guerra electrónica, incluíndo, se é o caso, o seu manexo.

Chapa e soldadura: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relativas ao mantemento dos vehículos no referente aos elementos fixos e móbiles, metálicos e sintéticos, do chasis e da carrozaría, os relacionados co mantemento e coa execución de construcións metálicas e os que exixan a aplicación de técnicas básicas de mecanizado.

Montador electricista: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relativas ao mantemento eléctrico e, de ser o caso, da instalación eléctrica dos respectivos sistemas e redes de enerxía eléctrica.

Montador de equipamentos: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relativas á montaxe, ao mantemento e á reparación de instalacións fixas e temporais, maquinaria e equipamentos de subsistencias, así como todos os sistemas de condución de fluídos, enerxéticos, de transporte, seguridade, depuración e especiais.

Música: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coa execución musical, mediante os instrumentos específicos das músicas militares.

2. Corpo de Intendencia

Escala de oficiais:

Intendencia: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas coas funcións do seu corpo.

3. Corpo de Enxeñeiros Politécnicos

Escala de oficiais:

Armamento: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de carácter técnico na definición, deseño, fabricación, adquisición, recepción e mantemento de equipamentos, sistemas de armas, explosivos e materiais enerxéticos, de acordo coas facultades da escala.

Construción: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de carácter técnico na definición, proxecto, dirección de obra e mantemento de fortificacións permanentes, infraestruturas e instalacións de aplicacións militares, de acordo coas facultades da escala.

Telecomunicacións e electrónica: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de carácter técnico na definición, deseño, fabricación, adquisición, recepción e mantemento dos equipamentos electrónicos e de comunicacións dos sistemas de armas e dos sistemas de mando e control de aplicacións militares, así como dos sistemas informáticos, de acordo coas facultades da escala.

Escala técnica:

Mecánica: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de carácter técnico e loxístico no ámbito do mantemento, en relación coa mecánica de materiais, equipamentos e sistemas de armas, de acordo coas facultades da escala.

Química: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de carácter técnico e loxístico no ámbito do mantemento, en relación coa química de explosivos, materiais enerxéticos e materiais especiais, de acordo coas facultades da escala.

Construción: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de carácter técnico e loxístico no ámbito do mantemento, en relación coa construción de fortificacións permanentes, infraestructura e instalacións, de acordo coas facultades da escala.

Telecomunicacións e electrónica: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de carácter técnico e loxístico no ámbito do mantemento, en relación coas

telecomunicacións, a electrónica, os sistemas de armas e equipamentos, así como dos sistemas informáticos.

ANEXO II

ARMADA

Campos de actividade

Especialidades fundamentais

1. Corpo xeral

Escala de oficiais:

Corpo xeral: os militares con esta especialidade desenvolven accións directivas, que inclúen as de mando, executivas e de xestión que requira o cumprimento das funcións do seu corpo.

Escala de suboficiais:

Administración: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de xestión administrativa, incluída a contable e de recursos.

Aloxamento e restauración: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de hostalaría, alimentación e habitabilidade.

Armas: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de mantemento e operación de armamento, munición, explosivos e sistemas de lanzamento asociados, así como equipamentos de rastrexamento e caza de minas.

Comunicacións e sistemas de información: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de mantemento e manexo dos sistemas de información e comunicacións, incluídos os de guerra electrónica.

Enerxía e propulsión: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de mantemento e manexo de instalacións eléctricas, plantas propulsoras, equipamentos de control de plataforma e os seus sistemas de control.

Manobra e navegación: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de mantemento e manexo dos sistemas de manobra, navegación, sinais, embarcacións e medios de salvamento.

Sistemas: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de mantemento e operación de equipamentos e sistemas de detección, procesamento, distribución e presentación de datos tácticos.

Escala de mariñeiría:

Aprovisionamento: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de restauración, aloxamento, alimentación e habitabilidade.

Enerxía e propulsión: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de mantemento e manexo de instalacións eléctricas, plantas propulsoras, equipamentos de control de plataforma e os seus sistemas de control.

Manobra e navegación: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de mantemento e manexo dos sistemas de manobra, navegación, sinais, embarcacións e medios de salvamento.

Operacións e sistemas: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de xestión administrativa, manexo e mantemento de equipamentos e sistemas de detección, procesamento, distribución e presentación de datos tácticos, sistemas de información e comunicacións, así como mantemento e operación de armamento, munición, explosivos e sistemas de lanzamento asociados, equipamentos de rastrexamento e caza de minas.

2. Corpo de Infantaría de Mariña

Escala de oficiais:

Infantaría de mariña: os militares con esta especialidade desenvolven accións directivas, que inclúen a de mando, executivas e de xestión que requira o cumprimento das funcións do seu corpo.

Escala de suboficiais:

Infantaría de mariña: os militares con esta especialidade desenvolven accións de mando, de xestión e executivas que require o cumprimento das funcións do seu corpo.

Escala de tropa:

Infantaría de mariña: os militares con esta especialidade desenvolven accións en operacións anfibas, en terra, de guerra naval especial, así como as relativas a seguridade e protección.

Música: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coa execución musical, mediante os instrumentos específicos das músicas militares.

3. Corpo de Intendencia

Escala de oficiais:

Intendencia: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas coas funcións do seu corpo.

4. Corpo de Enxeñeiros.

Escala de oficiais:

Enxeñeiros: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas coas funcións do seu corpo e facultades da escala.

Escala técnica:

Enxeñeiros: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas coas funcións do seu corpo e facultades da escala.

ANEXO III

EXÉRCITO DO AIRE

Campos de actividade

Especialidades fundamentais

1. Corpo xeral

Escala de oficiais:

Voo: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co emprego das aeronaves e os seus sistemas.

Defensa e control aéreo: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas coa intelixencia, seguridade de instalacións e recursos do Exército do Aire, defensa local de bases fronte a ataques aéreos ou terrestres, execución de operacións especiais, funcionamento dos servizos de apoio directamente relacionados coas operacións aéreas e as actividades relacionadas co emprego dos sistemas de control aéreo e de guerra electrónica, con base en terra ou a bordo de aeronaves, para asegurar o

desenvolvemento das operacións aéreas e para controlar e coordinar a circulación aérea así como as actividades de dirección, execución e, se é o caso, manexo dos sistemas e equipamentos de información e telecomunicacións.

Escala de suboficiais e escala de tropa:

Protección e apoio á Forza: os militares con esta especialidade desenvolven, ao seu nivel, actividades relacionadas coa intelixencia, seguridade de instalacións e recursos do Exército do Aire, defensa local de bases fronte a ataques aéreos ou terrestres, execución de operacións especiais, cartografía e imaxe e funcionamento dos servizos de apoio directamente relacionados coas operacións aéreas.

Mantemento operativo: os militares con esta especialidade desenvolven, ao seu nivel, actividades de execución no mantemento de aeronaves e vehículos, armamento e electrónica, incluíndo o manexo dos sistemas e equipamentos.

Control aéreo e sistemas de información e telecomunicacións: os militares con esta especialidade desenvolven, ao seu nivel, actividades relacionadas co emprego dos sistemas de control aéreo e guerra electrónica, con base en terra ou a bordo de aeronaves, para asegurar o desenvolvemento das operacións aéreas e para controlar e coordinar a circulación aérea así como as actividades de execución de mantemento e manexo dos sistemas e equipamentos de información e comunicacións asociados.

Música: só na escala de tropa existirá a especialidade de «música» e os militares con esta especialidade desenvolven, ao seu nivel, actividades específicas relacionadas coa execución musical, mediante os instrumentos específicos das músicas militares.

2. Corpo de Intendencia

Escala de oficiais:

Intendencia: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas coas funcións do seu corpo.

3. Corpo de Enxeñeiros

Escala de oficiais:

Enxeñeiros: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas coas funcións do seu corpo e as facultades da escala.

Escala técnica:

Técnicas aeroespaciais: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de carácter técnico no campo das aeronaves de á fixa, os helicópteros, os satélites, os mísiles, o armamento e sistemas de navegación, detección, control e comunicacións que forman parte da aeronave, así como no resto do armamento, explosivos, materiais NBQ e contra incendios, combustibles, vehículos e equipamentos de apoio en terra.

Telecomunicacións e electrónica: os militares con esta especialidade desenvolven actividades no campo específico das telecomunicacións, electrónica e sistemas anexos, aviónica, sistemas de aeronavegación, sistemas de mando e control e de guerra electrónica.

Infraestrutura: os militares con esta especialidade desenvolven actividades no campo específico da infraestrutura de bases aéreas, pistas de voo, edificacións e instalacións.

ANEXO IV

CORPOS COMÚNS DAS FORZAS ARMADAS

Campos de actividade*Especialidades fundamentais*

1. Corpo Xurídico Militar

Escala de oficiais:

Xurídico militar: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas coas funcións do seu corpo.

2. Corpo Militar de Intervención

Escala de oficiais:

Intervención: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas coas funcións do seu corpo.

3. Corpo Militar de Sanidade

Escala de oficiais.

Medicina: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de dirección dos órganos dos servizos sanitarios, asesoramento médico, a asistencia sanitaria a persoal militar e civil que se determine, aplicación de medicina preventiva e pericial, asistencia ás baixas sanitarias: recollida e primeiros auxilios, clasificación, evacuación, tratamento hospitalario e ambulatorio e rehabilitación, así como protección sanitaria en ambiente nuclear, biolóxico e químico.

Farmacía: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de dirección dos órganos e instalacións dos servizos farmacéuticos, abastecemento e mantemento dos recursos sanitarios, formulación de especificacións técnicas e catalogación de produtos farmacéuticos, análise de produtos químicos, biolóxicos e toxicolóxicos así como protección sanitaria en ambiente nuclear, biolóxico e químico.

Veterinaria: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de dirección dos órganos e instalacións veterinarias, inspección de alimentos, medicina preventiva veterinaria, asistencia facultativa a animais de interese militar, asesoramento na selección, produción, compra, conservación e alienación de animais de interese militar así como protección sanitaria en ambiente nuclear, biolóxico e químico.

Odontoloxía: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de dirección dos órganos e instalacións odontolóxicas, atención á saúde orodental do persoal militar e civil que se determine, asesoramento odontolóxico, aplicación da odontoloxía preventiva, pericial e forense, así como asistencia ás baixas sanitarias de carácter orodental.

Psicoloxía: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de dirección dos órganos e instalacións dos servizos psicolóxicos, asesoramento e apoio ao mando, nos campos sanitarios do traballo e da organización, do ensino e das operacións militares, aplicación da psicoloxía ás distintas áreas da actividade militar, prevención psicolóxica e acción pericial, así como asistencia ao persoal militar e civil que se determine.

Escala de oficiais enfermeiros:

Enfermaría: os militares con esta especialidade desenvolven actividades de asistencia facultativa, dirección das unidades hospitalarias de enfermaría e a xestión, administración e supervisión dos recursos postos á disposición das ditas unidades, colaboración nas tarefas médicas preventivas e periciais, asistencia ás baixas sanitarias de conformidade

coa súa titulación así como a colaboración en protección sanitaria en ambiente nuclear, biolóxico e químico.

4. Corpo de Músicas Militares

Escala de oficiais:

Dirección: os militares con esta especialidade desenvolven actividades que coinciden coas funcións do corpo e as facultades da escala na dirección musical.

Instrumentista: os militares con esta especialidade desenvolven actividades que coinciden coas funcións do corpo e as facultades da escala relacionadas coa execución e, de ser o caso, coa dirección musical.

Escala de suboficiais:

Instrumentista: os militares con esta especialidade desenvolven actividades que coinciden coas funcións do corpo e as facultades da escala, relacionados coa execución musical.